

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E UNICEF COMITÉ ESPAÑOL PARA O PROXECTO “SERVIZOS INTEGRADOS DE PREVENCIÓN E RESPOSTA AOS PROBLEMAS DE PROTECCIÓN DA INFANCIA, INCLUIDA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO DISTRITO DE ACOLLIDA DE REFUXIADOS DE YUMBE – UGANDA”**

(1 No mes de setembro de 2017, aprobouse o Informe da Ponencia de Estudio para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero, así como o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. A partir de eles articulouse o Pacto de Estado contra a violencia de xénero que consta de 10 eixos e un total de 292 medidas competencia tanto da Administración Xeral do Estado, como das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

Finalmente, no Boletín Oficial do Estado do 4 de agosto de 2018 publicouse a Resolución pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante do crédito para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, consignándose a partir dese momento os fondos correspondentes nos orzamentos da Secretaría Xeral da Igualdade.

Dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado refírense a competencias específicas sectoriais de distintos organismos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade puxo ao dispor dos devanditos organismos os fondos necesarios para a execución das medidas correspondentes por razón da materia, en aras dunha xestión máis eficaz e eficiente das mesmas. Entre os devanditos organismos atópase a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que colabora no desenvolvemento das dúas medidas do Pacto relacionadas coa competencia de cooperación internacional para o desenvolvemento, a 36 e a 37.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento. Unha das prioridades



establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia. O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 reconece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico, na que se inclúe o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes: O Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) é a principal organización internacional que traballa para promover os dereitos da infancia e conseguir cambios reais nas vidas de millóns de nenos/as, en calquera situación de emerxencia e crise humanitaria. UNICEF Comité Galicia é un dos comités que a nivel autonómico contribúen co traballo que se realiza en favor da infancia e na resposta ante emerxencias.

UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais e que está formado por 17 Comités autonómicos entre os que se atopa UNICEF Comité Autonómico de Galicia que contribúe co traballo que realiza no seu ámbito de actuación á defensa dos dereitos da infancia.

A Xunta de Galicia ten subscritos convenios con esta entidade en varias ocasións anteriores como resposta inmediata a crises humanitarias e principalmente destinados a sufragar gastos en axuda humanitaria en defensa da infancia.

O ano 2020 asináronse tres convenios, un para o proxecto de “actuacións de consolidación de contornos protectores para a infancia e a adolescencia na Habana Vella, Cuba. 2020” por importe de 40.000,00 €, un segundo para o proxecto “ Programa de Alimentación Escolar no Municipio Libertador de Distrito Capital, Venezuela. 2020” por importe de 100.000,00 € e outro para a “servizos integrados de prevención e resposta á violencia de xénero e protección infantil para nenos e nenas refuxiadas en Uganda”, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero por importe de 84.000,00 €, ao que se lle deu continuidade no 2021 e que se propón para este ano 2022.

(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e “UNICEF Comité Español” para a execución



do proxecto “servizos integrados de prevención e resposta aos problemas de protección da infancia, incluída a violencia de xénero no distrito de acollida de refuxiados de Yumbe – Uganda” en cumprimento da medida 37 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

(4) O convenio ten por fortalecer o entorno de protección para as nenas e nenos e as poboacións de acollida do campamento de refuxiados de Bidibidi, o asentamento de refuxiados máis grande de Uganda, no distrito de Yumbe.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso unir esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación refuxiada, con atención especial á loita contra a violencia de xénero.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 84.000 € (oitenta e catro mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

